



www.stegsindicato.org



<http://sxg.fesp.org>



www.sindicatoferroviario.com

1º de MAIO, RESISTIR HOXE PARA AVANZAR MAÑÁ

O 1º de Maio conmemoramos o Día Internacional da Clase Traballadora, instituído pola Internacional Socialista en 1889 como unha xornada de loita reivindicativa e de homenaxe aos Mártires de Chicago, os sindicalistas que foron executados pola súa participación nas xeiras que protagonizara o movemento obreiro desa cidade dende o 1 de maio de 1886 loitando pola xornada laboral de oito horas... Así, ao longo deste último século, a nosa sociedade do benestar, a que garante os dereitos sociais e económicos da clase traballadora, construíuse grazas ás loitas protagonizadas polo movemento obreiro fronte aos intereses da clase dominante.

Nos últimos tempos, precisamente coincidindo cunha profunda desmobilización das clases traballadoras, estamos a sufrir unha vaga de agresións que están a recortar, ou mesmo eliminar, moitos dos dereitos conquistados neste último século: recortes salariais, reforma das pensións, sucesivas reformas do mercado laboral..., todas elas tendentes a precarizar a situación da clase traballadora. Velaí están os datos para quen os queira analizar obxectivamente: 4.333.669 de persoas desempregadas ao rematar o mes de marzo, o que significa que dobramos a media da Unión Europea en porcentaxe de desemprego sobre poboación activa e en cota de traballo temporal; o déficit público é o cuarto maior de Europa, malia que o nivel de poboación empregada en servizos do estado do benestar é o máis baixo da UE dos 15; a economía mergullada supera o 20% do PIB e a fraude fiscal cífrase en 16 mil millóns de euros; somos o único estado no que autónomos e medianos empresarios, que contribúen por módulos, declaran menos ingresos anuais que as traballadoras e os traballadores por conta allea, mentres se manteñen canles legais que eximen aos ricos do pagamento de impostos (SICAV e ETVE). Por outra banda, durante os anos de expansión económica os beneficios empresariais aumentaron preto do 75%, mentres que o salario medio perdeu un 4% de poder adquisitivo. Así mesmo, o 10% das familias posúe o 58% das riquezas e segue en aumento a tendencia a concentrar a riqueza no sector de poboación máis potente mentres se incrementou o número de fogares pobres cunha renda por baixo do 60% da media ata situarse non 20,8%, e o número de fogares que declaran dificultades para chegar a fin de mes alcanza o 26,9%... En definitiva: a crise está a aumentar as desigualdades sociais, como proba o continuo incremento do índice Gini dende o ano 2003.

Estamos a ser vítimas dunha estratexia do capital contra o mundo do traballo que xira sobre dous elementos:

- o illamento e a reprobación do sindicalismo de clase máis combativo, unha estratexia que se complementa coa neutralización do sindicalismo oficial representado polas centrais maioritarias e unha progresiva presenza do sindicalismo amarelo, corporativo de dereitas, nas mesas de negociación;
- a reprobación e illamento dos movementos sociais altermundistas que loitan por outro mundo posible, unha estratexia complementada coa deriva dereitista dos partidos políticos herdeiros dun pasado de loita democrática a prol dos dereitos dos pobos e da cidadanía.

Ora ben, fronte a esta agresión, que busca eliminar os nosos dereitos, perfectamente orquestrada, constante, estratexicamente deseñada, as traballadoras e os traballadores debemos tomar conciencia de que só dende a unidade e a organización é posible resistir... e avanzar na construción dun outro mundo posible. Pero falar de unidade non é pretender que os demais asuman as nosas posicións; significa tan só que mostremos a nosa unidade arredor dos puntos que nos poden unir:

- a loita polo pleno emprego, a redución da xornada laboral e a recuperación dos nosos dereitos salariais;
- a recuperación do público como elemento de integración e de democratización da sociedade;
- o control democrático das actividades económicas;
- a instauración dunha fiscalidade progresiva.

Resistir é defender os nosos dereitos e defender un sindicalismo de clase, comprometido coa loita, solidario, democrático e asembleario.

Por iso chamamos ao conxunto da clase traballadora a defender os nosos dereitos o vindeiro 1º de Maio na rúa, porque **RESISTIR HOXE É AVANZAR MAÑÁ!**

VIVA O 1º DE MAIO!